

Acordo da comisión de seguimento do Acordo de carreira profesional
Baremo convocatoria do ano 2020
Reunión do 28 de xuño de 2019

O Acordo de carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo (*DOG* do 30 de xullo de 2018) establece que a primeira convocatoria para acceder aos graos I a IV, polo procedemento ordinario de carreira profesional, tramitarase no segundo semestre do ano 2020.

No que se refire aos baremos aplicables o Acordo establece, por unha parte, que a Administración sanitaria, previa negociación na Mesa Sectorial, aprobará e publicará no *Diario Oficial de Galicia* os baremos detallados aplicables para o acceso aos sucesivos graos dos diversos colectivos profesionais, profesións ou categorías, concretando as actividades que serán valoradas en cada caso dentro da estrutura básica que figura nos Anexos I a III; e por outra, que os baremos serán publicados coa antelación suficiente para garantir o seu coñecemento polo persoal interesado.

Neste intre, no ámbito da Comisión de Seguimento do Acordo estase a traballar na elaboración dos ditos baremos, con carácter previo á súa negociación na Mesa Sectorial. Este proceso de elaboración e negociación de baremos detallados, pola súa complexidade, prolongarase previsiblemente ata a primeiro semestre do ano 2020. E desta forma, os baremos detallados non poderían ser publicados coa antelación suficiente a esa convocatoria do ano 2020.

En consecuencia, a comisión considera que nesa primeira convocatoria do ano 2020 procede aplicar, con contadas adaptacións, os criterios de avaliación que figuran no anexo IV do Acordo.

Con base no que antecede, a Comisión de Seguimento **acorda** o seguinte:

Na convocatoria para acceder aos graos I a IV de carreira profesional, que se executará no ano 2020, aplicaranse os criterios de avaliación que figuran como ANEXO IV do Acordo de carreira profesional (*DOG* do 30 de xullo de 2018), coas seguintes adaptacións:

- Para o persoal licenciado sanitario: a participación nos obxectivos asistenciais, e o seu cumprimento, referirase aos exercicios 2015 a 2019.

- Para todos os colectivos: valoraranse as actividades realizadas pola persoa solicitante entre o 1 de xaneiro de 2015 e o día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Desas actividades, que figuran relacionadas nas letras *a)* a *i)* do Anexo IV, descontarase a contía (de horas de formación, anos de supervisión ...) que xa fora aplicada anteriormente, dun modo efectivo e necesario, para acadar unha avaliación positiva e o conseguinte recoñecemento de grao.

En correspondencia co anterior, adíase ata o seguinte convocatoria (ano 2021) a posta en funcionamento dos órganos de avaliación regulados no punto 8 do Acordo de carreira profesional (órganos de avaliación), manténdose con carácter transitorio a composición acordada para a convocatoria formalizada no ano 2018.

Este acordo da Comisión de Seguimento será elevado á Mesa Sectorial de negociación.

Exemplos:

1.- Médica de Familia que no ano 2018 acadou avaliación positiva polo cumprimento de obxectivos, e ten ademais un curso de 40 horas realizado no ano 2015.

→ aínda que non supere o criterio de obxectivos no ano 2020, superaría a avaliación aplicando o criterio a) (cursos).

2.- Celador que ten un curso de 40 horas realizado no ano 2019.

→ superaría a avaliación do ano 2020, pois é seguro que esas 40 horas non foron aplicadas para acadar unha anterior avaliación positiva.

3.- Celador que ten un curso de 100 horas realizado no ano 2016.

→ superaría a avaliación do ano 2020, pois é seguro que ten 60 horas que non foron aplicadas, dun modo efectivo e necesario, para acadar unha anterior avaliación positiva.

4.- Enfermeiro que, cando se realice a convocatoria do ano 2020, unicamente teña un curso de 40 horas realizado no ano 2017 (utilizado para a avaliación positiva do ano 2018).

→ non superaría a avaliación do ano 2020, pois esas 40 horas xa foron aplicadas, dun modo efectivo e necesario, para acadar unha anterior avaliación positiva.

5.- Enfermeiro que, cando se realice a convocatoria do ano 2020, ten un curso de 40 horas realizado no ano 2017 (tamén ten un curso de 40 horas realizado no ano 2010).

→ superaría a avaliación do ano 2020, pois as 40 horas do ano 2017 non foron aplicadas, dun modo efectivo e necesario, para acadar a avaliación positiva do ano 2018.

6.- Enfermeira que era supervisora no ano 2015 e continúa no ano 2020.

→ superaría a avaliación do ano 2020, pois ten con seguridade máis de dous anos de supervisión que non foron aplicados para acadar unha anterior avaliación positiva.

7.- Traballadora do grupo de xestión da F.A. que foi xefa de sección entre marzo de 2015 e xuño de 2017 (período utilizado para a avaliación positiva do ano 2018). No ano 2020 non ten outros méritos.

→ non superaría a avaliación do ano 2020, pois eses dous anos xa foron aplicados, dun modo efectivo e necesario, para acadar a avaliación positiva do ano 2018.

8.- Enfermeira supervisora entre marzo de 2011 e xuño de 2017. No ano 2020 non ten outros méritos.

→ superaría a avaliación do ano 2020, pois os dous anos de supervisión entre 2015 e 2017 non foron aplicados “dun modo efectivo e necesario” para acadar a avaliación positiva do ano 2018.